

COMPOSTELÁNEA

CULTURA OCIO TURISMO / CULTURE LEISURE TOURISM / Nº23 XUÑ 2018

01.06. /
10.06.2018

FESTAS DE SAN XOÁN

SAN JUAN | BONFIRE NIGHT

*Compostela+Solidaria,
MICE, Galicia Escena Pro*

**XORNADAS DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA**

**SEMANA DO LIBRO
DE COMPOSTELA**

**SEMANA DO LIBRO
DE COMPOSTELA
2018**

PRAZA DA QUINTANA
selic.gal

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2018

Música, memoria e emoción

S
A
N
T
I
A
G
O
D
E
C
O
M
P
O
S
T
E
L
A

6
|
2
9
X
U
Ñ
O
2
0
1
8

P
R
O
G
R
A
M
A

Mércores 6 CGAC

19:30 h Inauguración
60 aniversario Enrique X. Macías (1958 - 1995)
E. X. Macías, unha perspectiva persoal

Manuel Bragado, editor
Carlos Villanueva, profesor de musicoloxía da USC
Javier Macías, irmán de Enrique X. Macías
Modera: Mercedes Rosón, subdirectora da área de cultura da USC

20:30 h Isabel Pérez Dobarro, piano
Sonata

Venres 8, 20:00 h Igrexa USC

Yale Schola Cantorum
David Hill, director principal
Masaaki Suzuki, principal director invitado
Path of Miracles

Mércores 13, 20:30 h Igrexa da Universidade

Rafael Yebra, saxofón
Saxofón en galego

Xoves 14, 20:30 h Sala Mozart. Auditorio de Galicia

José Vicente Faus, Fernando Buide del Real e alumnos e alumnas da Escola de Altos Estudos Musicais.
O pulso da fala

Mércores 20, 19:30 h CGAC

Conferencia Nicasio Gradaille
A visión para piano de John Cage (1912-1992)

Mércores 20, 21:30 h Praza de Cervantes

Javier Otero Neira, piano
Silent Wifi music experience

Xoves 21, 20:30 h Sala Ángel Brage. Auditorio de Galicia

Banda Municipal de Música de A Coruña
Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela
Juan José Ocón e Casiaño Mouriño, directores
Aniversarios.
Concerto conmemorativo dos 170 anos da BMSC e dos 70 anos da BMMC

Venres 22, 20:30 h Igrexa da Universidade

Vox Stellae
Luís Martínez, director
Espiritualidade con voz de muller

Luns 25 CGAC

19:00 h 60 aniversario Enrique X. Macías (1958 - 1995)
Macías e Portugal: unha ollada próxima

Manolo Romón, actor, presentador e escritor
Pedro Amaral, compositor e director de orquestra
Javier Macías, irmán de Enrique X. Macías
Modera: Paco Yáñez, crítico de mundoclásico

20:30 h Vertixe Sonora
Pedro Amaral, director
Itinerario de Luz

Martes 26, 20:30 h Sala Mozart. Auditorio de Galicia

Duo Finisterrae
Bleuenn Le Fric, arpa
André Cebrián, frauta
Duo Finisterrae. 10 anos de música

Mércores 27, 20:30 h Paraninfo da Universidade

Fernando Buide, compositor
Fernando Epelde, dramaturgo
Buscando a Clío, achegando linguaxes para unha ópera contemporánea

Xoves 28, 20:00 h Parque de San Domingos de Bonaval

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela
Casiano Mouriño, director
Pistacatro
Pablo Reboleiro, dirección artística
Manuel Otero Paino, dirección musical
Orquestra de Malabares

Venres 29, 20:30 h Sala Ángel Brage. Auditorio de Galicia

Dirección e dramaturxia: Quico Cadaval
Elenco: Quico Cadaval, María Costas, Iván Marcos, Yelena Molina, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, Josito Porto e Patricia Vázquez
Escenografía e espazo lumínico: Baltasar Patiño
Vestuario, atrezzo e deseño gráfico: Suso Montero
Música: Javier María López
Intérpretes: TAC (Taller Atlántico Contemporáneo)
A Cabeza do Dragón de Ramón María del Valle Inclán

Entrada **de balde** para todas as actividades até completar cabida agás o venres 29, *A Cabeza do Dragón* (entradas.abanca.com)

Máis información:
www.compostelacapitalcultural.gal



Editorial

Chega o verán! Que mellor plan que ollar a Compostelánea nunha terraza buscando apetecibles citas para compartir coas amizades ou cos da casa. Se te achegas á praza da Quintana atoparás a segunda edición da *Semana do Libro SELIC*, con actividades que invitan á participación de toda a familia: visitas guiadas pola cidade, espectáculos infantís, actuacións musicais, mesas redondas ou obradoiros. A música chega con concertos en directo de relevantes formacións e con coloquios que serán protagonistas dunha nova edición das *Xornadas de Música Contemporánea* que abren coa celebración do 60 aniversario do nacemento de Enrique Macías e pechan coa música en directo do TAC na representación teatral de *A Cabeza do Dragón*.

Un ano máis, *Compostela+Solidaria* achéganos o traballo das ONGDs galegas e as alternativas solidarias e xustas, a través de diferentes actividades gratuítas. Xuño reencóntranos tamén cunha nova edición da MICE, Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do Museo do Pobo Galego, unha plataforma de apoio ao cine do noso país e un espazo de exhibición, formación e debate.

Podes completar o teu itinerario cultural visitando a exposición ‘O rapto de Europa’ na Zona “C” ou ‘Turismo e fotografía. Català-Roca en Galicia 1956 -1976’ no Auditorio de Galicia e non deixes de repasar polo miúdo as propostas da axenda deste mes, no que todas e todos os composteláns e aqueles que nos visitan celebraremos o solsticio de verán na máxica noite de San Xoán.

Literatura, música, cine, exposicións e festas... Para non perder!

©Aquino Turismo de Santiago

COMPOSTELÁNEA XUÑ2018

3 Editorial

4 Reportaxe | Reportaje | Report **SELIC, Semana do Libro de Compostela Festival de San Xoán**

7 Non perdas... | No te pierdas... | Don't miss...

Teatro, Danza & Circo / Theatre, Dance & Circus
Infantil e familiar / For kids & families
Compostela+Solidaria / Solidary Compostela
Música / Music
Cine / Cinema
Arte / Art

11 Cinema

12 Opinión | Opinion **A máxica noite de San Xoán**

14 Axenda | Agenda | Agenda

18 Exposicións | Exposiciones | Exhibitions

21 Museos & Monumentos | Museums & Monuments

24 Turisteando | Sightseeing

26 Directorio | Directory

¡Llega el verano! Qué mejor plan que mirar la Compostelánea en una terraza buscando apetecibles citas para compartir con las amistades o con los de casa. Si te acercas a la praza da Quintana, encontrarás la segunda edición de la *Semana do Libro SELIC*, con actividades que invitan a la participación de toda la familia: visitas guiadas por la ciudad, espectáculos infantiles, actuaciones musicales, mesas redondas o talleres. La oferta musical llega con conciertos en directo de relevantes formaciones y con coloquios, parte fundamental de una nueva edición de las *Xornadas de Música Contemporánea* que dará comienzo con la celebración del 60 aniversario del nacimiento de Enrique Macías y cerrará con la música en directo del TAC en la representación teatral de *A Cabeza do Dragón*.

Un año más, *Compostela+Solidaria* nos presenta el trabajo de las ONGDs gallegas y las alternativas solidarias y justas a través de diferentes actividades gratuitas. Junio nos reencuentra también con una nueva edición de la MICE, *Mostra Internacional de Cine Etnográfico* del Museo do Pobo Galego, que es a la vez plataforma de apoyo a nuestro cine y un espacio de exhibición, formación y debate.

Puedes completar tu itinerario cultural visitando la exposición ‘O rapto de Europa’ en la Zona “C” o ‘Turismo e fotografía. Català-Roca en Galicia 1956 -1976’ en el Auditorio de Galicia y no dejes de repasar al por menor las propuestas de la agenda de este mes, en el que todas y todos los compostelanos y aquellos que nos visitan, celebraremos el solsticio de verano en la mágica noche de San Xoán.

Literatura, música, cine, exposiciones y fiestas...
¡No te pierdas nada!

Summer is here! We can't think of a better plan than sitting on a terrace, going through the pages of the Compostelánea in search of great events to enjoy with family and friends. At the praza da Quintana, you will find the second edition of the SELIC Book Week, with activities for all age groups: guided tours, children's shows, musical performances, round tables or workshops. As for music proposals, there is a good number of concerts by renowned groups and artists, besides many interesting colloquiums at a new edition of *Xornadas de Música Contemporánea*, which will open honouring the 60th anniversary of the birth of Enrique Macías and end with the live music of the TAC at the theatrical performance of *A Cabeza do Dragón*.

Once again, *Compostela+Solidaria* will show us the work of Galician NGOs and many supportive and fair alternatives through different free activities. June also brings a new edition of MICE, Mostra Internacional de Cine Etnográfico, organised by the Museo do Pobo Galego, a platform to promote Galician cinema with exhibition, training and discussion areas.

Complete your cultural itinerary by visiting the exhibition ‘O rapto de Europa’ in Zona “C” or ‘Turismo e fotografía. Català-Roca en Galicia 1956 -1976’ at the Auditorio de Galicia. Check out all the cultural events of this month, in which residents and visitors will celebrate the summer solstice on the magical night of San Xoán (Bonfire Night).

Literature, music, cinema, exhibitions and fiestas...
Don't miss a thing!

EDICIÓN | EDITION

Concello de Santiago de Compostela

COORDINACIÓN | COORDINATION

Concellaría de Acción Cultural e Turismo de Santiago

IMAXE DE PORTADA | COVER IMAGE

©describir, cartel SELIC 2018

DESEÑO / MAQUETACIÓN / TRADUCCIÓN

DESIGN / LAYOUT / TRANSLATION

ekinocio.com

ROTATIVA | ROTARY PRESS

Galicia Editorial SL

DEPÓSITO LEGAL | LEGAL DEPOSIT: C 1198 - 2016

ACCIÓN CULTURAL

Auditorio de Galicia: Avda. Burgo das Nacións, s/n | 981 552 290 |
info@auditoriodegalicia.org

Centro Sociocultural da Trisca: Corredoira das Fraguas, 92 | 981 543 192

Centro Sociocultural das Fontiñas: Rúa Berlín, 13 | 981 528 750

Centro Sociocultural de Conxo: Praza Aurelio Aguirre, 1 | 981 528 740

Centro Sociocultural de Santa Marta: Rúa Antonio Rama Seoane, 6 | 981 543 017

Centro Sociocultural de Vite: Rúa de Carlos Maside, 7 | 981 542 490

Centro Sociocultural do Castiñeirinho: Rúa Virxe de Fátima, 1 | 981 542 459

Centro Sociocultural O Ensanche: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 | 981 543 001

Teatro Principal: Rúa Nova, 21 | 981 542 347 (oficina)
981 542 349 (despacho de billetes) | tprincipal@santiagodecompostela.gal

Zona “C”: San Domingos de Bonaval, 1 | 981 552 290

TURISMO

Oficina Central de Información Turística Municipal. Turismo de Santiago

Rúa do Vilar, 63 | (+34) 981 555 129 | santiagooturismo.com | info@santiagooturismo.com
Aberta todo o ano. (Novembro-abril): Lu-Ve, 9 h-19 h / Sa, Do, festivos, 9 h-14 h / 16 h-19 h // (Maio-outubro): Lu.-Do. 9 h-21 h / Open all year. High season (November-April): Mon-Fri 9 am-7 pm / Sat, Sun, bank holidays, 9 am-2 pm / 4 pm-7 pm // (May-October): Every day, 9 am-9 pm.

Punto de Información Turística Aeroporto de Santiago (Sala A Chegadas)

(+34) 981 897 194 | aeroporto@santiagooturismo.com

(Semana Santa a outubro): Lu.-Do. 9.15 h-17.45 h | (Easter-October): Mon.-Sun. 9.15 am-5.45 pm.

Oficina de Turismo de Galicia

Plaza de Mazarelos, 15 baixo | (+34) 881 866 397 / 8 | turismo.gal | ot.santiago@xunta.gal | Luns-Sábado 10 h-17 h | Festivos 10 h-14.30 h | Mon.-Sat. 10 am-5 pm | Bank holidays: 10 am-2.30 pm

Oficina de Información do Camiño de Santiago

Rúa Carretas, 33 baixo | (+34) 881 866 393 / 4 | caminodesantiago.gal | informacion.xacobeo@xunta.gal | Lun.-Ven. 9 h-20 h | Sáb. 10 h-16 h | Dom. 10 h-15 h | Mon.-Fri. 9 am-8 pm | Sat. 10 am-4 pm | Sun. 10 am-3 pm

Punto de Información Turística Dársena de Autobuses Xoán XXIII

(+34) 981 576 698 | Aberta todo o ano: (novembro-abril): Lu-Vi, 9 h-19 h / Sábado, Domingo e fest., 9 h-14 h e 16 h-19 h // (maio-outubro): Lu.-Do. 9 h-20 h | Open all year: (November-April): Monday-Friday 9 am-19 pm / Sat, Sun, bank holidays, 9 am-2 pm / 4 pm-7 pm // (May-Oct.): Monday-Sunday 9 am-8 pm.

Centro de Acolida ao Peregrino/a | Centro de Acogida al Peregrino/a | Pilgrim's Welcome Office

Rúa de Carretas, 33 | (+34) 981 568 846 | oficinadelaperegrino.com/

Tempada alta (Semana Sta.-out.): Todos os días, 9 h-20 h / Every day, 9 am-8 pm

santiagodecompostela.gal

compostelacapitalcultural.gal

santiagooturismo.gal



CompostelaCultura | TurismodeSantiago



@CCultura | @santiagooturismo



Semana do Libro de Compostela

DO 1 AO 10 DE XUÑO | PRAZA DA QUINTANA

Máis dunha trintena de expositores, entre editoras, librarías e institucións tomarán parte na segunda Semana do Libro de Compostela (SELIC). Unha iniciativa, froito dunha intensa colaboración entre a Mesa do Libro de Compostela e o Concello, que se deseñou para atender as necesidades do sector e reivindicar o potencial da Compostela Literaria.

Un ano máis, a praza da Quintana será o emporazamento principal da feira, mais as múltiples actividades do programa espallaranse por outros espazos da cidade. A gran carpa acubillará presentacións e sinaturas de numerosas publicacións recentes como os poemarios de Marga Tojo, Carlos Negro, Eli Ríos ou Teresa Moure, en calidade de tradutora dos poemas de Ana Brouwer á nosa lingua.

A vocación da SELIC como lugar de encontro achega conversas con autoras e autores. Contaremos coa presenza do poeta Antonio Gamoneda, gañador do Premio Cervantes, que ademais descubrirá en Fonseca un novo chanzo do *Xardín das Pedras que Falan*. O escritor e xornalista Daniel Salgado e o poeta Ismael Ramos, premio á mellor edición na Gala do Libro Galego 2018 por *Lumes*, tamén compartirán con nós as súas obras e figuras como Helena Villar Janeiro, Ana María Fernández, Úrsula Heinze e Xavier Senín participarán en interesantes e necesarias mesas de debate e diálogo.

A cidade convidada desta SELIC é Póvoa de Varzim. Celebrando o noso vínculo coa contorna lusófona, visitaranos unha das voces literarias máis

importantes do país veciño, Dulce María Cardoso, gañadora, entre outros, do Premio da Unión Europea para a Literatura e nomeada Cabaleira da Orde das Artes e as Letras de Francia. E teremos ocasión de ver unha mostra de danzas tradicionais coas Rusgas de Póvoa e coñecer os pormenores do festival literario *Correntes d'Escritas*.

Letras e música irán da man como nunca no recital musico-poético de Aurelino e Carlos Costa e nas actuacións que nos ofrece aCentral Folque no OFF SELIC. Un apartado que nos agasallará tamén coas historias de Quico Cadaval e os versos de Chantal Maillard ou Elias Knörr.

Continuaremos a descubrir as páxinas da nosa cidade cunha serie de paseos literarios, organizados coa colaboración da Asociación de Escritoras e Escritores da Lingua Galega e outras entidades como a Asociación Cultural O Galo. Comezando pola Compostela Troiana, para seguir os pasos de Salvador García-Bodaño ou Fermín Bouza Brey, visitar os escenarios de *Scórpio* de Carvalho Calero e rematar cunha revisión da homosexualidade no medievo compostelán da man de Carlos Callón.

O público e a literatura infantil e xuvenil son unha peza clave da SELIC con numerosas actividades de balde que convidan a achegarse ao mundo dos libros e das historias. Presentacións e sinaturas, obradoiros creativos, contacontos, música e brincadeiras coordinados e animados por Xandobela, ademais dun paseo narrativo a través das historias de María Victoria Moreno.

Finalmente, entre as iniciativas da SELIC cómpre mencionar a publicación de seis novos libros. Cinco volumes con relatos de Guy de Maupassant, Chekhov, Poe, Apollinaire, Kafka ou Proust, entre outros, traducidos ao galego por Pepe Sendón. E o libro, *Contos composteláns*, que inclúe relatos de Ramón Caride Ogando, Salvador García-Bodaño, Marilar Aleixandre, Miguel Anxo Murado, Gonzalo Navaza e Helena Villar Janeiro, que se desenvolven nas rúas de Santiago. Todos os libros contarán cunha versión sonora para descarga na web da SELIC grazas á colaboración da Radio Galega.

Asomádevos á paisaxe literaria da SELIC para comprobar todo o que os libros teñen por ofrecer porque o brillo das pantallas non conseguiu mitigar aínda o adictivo aroma do papel.

SÁBADO 2

Día de Salvador García-Bodaño

11.00 h | CLUBE DE LECTURA

Olladas cruzadas

Sangue 12, de Cris Pavón e *Saturno*

tamén e Deus, de Uxia Casal

Moderar: Paula Gómez del Valle

–LIBRARÍA LILA DE LILITH E A SEGA–

12.30 h | MESA REDONDA

Críticas

Por que é necesaria unha crítica feminista? Outros xeitos de facer crítica literaria. Moderar: Antia Marante

–LIBRARÍA LILA DE LILITH E A SEGA–

12.30 h | INFANTIL

Hércules ed. Ring... Ring! Quen rima?

Obradoiro de ilustración e lectura a cargo do ilustrador Enrique López

13.30 h | PRESENTACIÓN

Cara de velocidade

Marga Tojo, Ed. Kalandraka

–EL FARO DE LOS TRES MUNDOS–

17.30 h | ESPAZO EFÉMERO

–EDITORIAL DARDO–

17.30 h | INFANTIL

Lola e as 21 vacas

Xogos, contacontos e sinatura con Blanca Millán e a Ed. Triqueta Verde

–LIBRERÍA PALACIOS–

18.30 h | ENCONTRO

Daniel Salgado e Ismael Ramos conversan sobre *O gran rexeitamento/ Flores para Albert Ayler* e *Lumes*

–CHAN DA PÓLVORA–

18.30 h | INFANTIL

A corva, compoñedora de contos

Cristina Collazo (contada)

19.30 h | PASEO LITERARIO

Paseo Salvador García-Bodaño

en colaboración coa AELG

INICIO: PRAZA DO OBRADOIRO (30 min. aprox.)

21.30 h | OFF SELIC

Matar a Platón

Escenificación poético-musical con Chantal Maillard, Chefa Alonso / Jorge Frías

–LIBRARÍA NÚMAX–

DOMINGO 3

Día de Póvoa de Varzim

12.30 h | DANZA

Rusga Póvoa de Varzim

13.30 h | PRESENTACIÓN

Disto non se fala

Plaqueta de Verónica Martínez Delgado e Emma Pedreira sobre o acoso e a desigualdade de xénero

–AUTOEDICIÓNS MICROMUNDOS–

18.00 h | MESA REDONDA

Ex-céntricas. Autoras desde a periferia

Moderar: Andrea Barreira

–LIBRARÍA LILA DE LILITH E A SEGA–

18.00 h | INFANTIL

Xandra a landra que quería voar

Mercedes Queixas (contada)

–URCO EDITORA–

18.30 h | MESA REDONDA

Reunión coas "Nosoutras" de María

Victoria Moreno

Helena Villar Janeiro, Ana María

Fernández e Úrsula Heinze en

conversa con Xavier Senín

–URCO EDITORA–

18.30 h | INFANTIL

Navegando entre papel e contos

Mar adiante

Paseo narrativo con Xandobela

19.00 h | ENCONTRO

Dulce María Cardoso

–INSTITUTO CAMÕES–

20.00 h | PRESENTACIÓN

Galicia inmaterial, Galicia máxica

–HÉRCULES DE EDICIONES–

LUNS 4

17.30 h | ESPAZO EFÉMERO

–EDITORIAL TRAFICANTES DE SUEÑOS–

18.30 h | ENCONTRO+MÚSICA

Radio Bule Bule

Paco Nogueiras . Ed. Kalandraka

–EL FARO DE LOS TRES MUNDOS–

19.00 h | INFANTIL

Que é un libro?

Obradoiro de produción dun libro

para nenos e nenas de 6-10 anos

–PATASDEPEIXE EDITORA–

19.30 h | ENCONTRO

Correntes da conversa

Conversa sobre o *Correntes d'Escritas*

coa organizadora do evento, Manuela

Ribeiro e Carlos Quiroga, escritor

profesor de Literaturas Lusófonas (USC)

MARTES 5

17.30 h | ESPAZO EFÉMERO

Presentación Colección Libros SELIC

18.30 h | INFANTIL

Obradoiro de ilustración con Eva Agra,

ilustradora da colección *Mulleres*

Bravas da nosa historia

–URCO EDITORA–

19.00 h | PRESENTACIÓN+TEATRO

El gran viaje de estudios de

García Lorca

Representación teatral con Kalamburu

–ALVARELLOS EDITORA–

20.00 h | MÚSICA

Um guitarrista português e um poeta

Poesía musicada con Aurelino Costa e

Carlos Costa

–PÓVOA DE VARZIM–

Más de una treintena de expositores, entre editoriales, librerías e institucións tomarán parte en la segunda *Semana do Libro de Compostela* (SELIC). Una iniciativa, fruto de la intensa colaboración entre la Mesa del Libro de Compostela y el Concello, que se diseñó para atender las necesidades del sector y reivindicar el potencial de la Compostela Literaria.

Un año más, la praza da Quintana será el emplazamiento principal de la feria, pero las múltiples actividades del programa se extenderán a otros espacios de la ciudad. La gran carpa acogerá presentaciones y firmas de numerosas publicaciones recientes como los poemarios de Marga Tojo, Carlos Negro, Eli Ríos o Teresa Moure, en calidad de traductora de los poemas de Ana Brouwer a nuestra lengua.

En la SELIC, con vocación de lugar de encuentro, se sucederán las conversaciones con autoras y autores. Contaremos con la presencia del poeta Antonio Gamoneda, ganador del Premio Cervantes, que además descubrirá en Fonseca un nuevo eslabón del *Xardín das Pedras que Falan*. El escritor y periodista Daniel Salgado y el poeta Ismael Ramos, premio a la mejor edición en la Gala del Libro Gallego 2018 por *Lumes*, también compartirán con nosotros sus obras. Además, figuras como Helena Villar Janeiro, Ana María Fernández, Úrsula Heinze y Xavier Senín participarán en interesantes y necesarias mesas de debate.

La ciudad invitada de esta SELIC es Póvoa de Varzim. Celebrando nuestro vínculo con el entorno lusófono, nos visitará una de las voces literarias más importantes del país vecino, Dulce María Cardoso, ganadora, entre otros, del Premio de la Unión Europea para la Literatura y nombrada Caballera de la Orden de las Artes y las Letras de Francia. Y tendremos ocasión de ver una muestra de danzas tradicionales con las Rusgas de Póvoa y conocer los pormenores del festival literario *Correntes d’Escritas*.

Letras y música irán de la mano como nunca en el recital musico-poético de Aurelino y Carlos Costa y en las actuaciones que nos ofrece aCentral Folque en el OFF SELIC. Un apartado que también nos regalará las historias de Quico Cadaval y los versos de Chantal Maillard o Elias Knörr.

MÉRCORES 6

18.30 h | INFANTIL

As viaxes de Irene
Contos do mundo (contada)

19.00 h | PRESENTACIÓN

In tempus veritas
Viaxe pictopoética con Xabier Ron, Xosé Poldras e Xosé Antonio Ferreira
–LIBRARÍA LENDA–

19.30 h | PRESENTACIÓN

La lámpara maravillosa
Edición facsimilar
–ALVARELLOS EDITORA E CONSORCIO DE SANTIAGO–

20.00 h | PRESENTACIÓN

Atlas dos Hórreos de Galicia
Carlos Regueira Méndez
–LIBRARÍA LENDA–

XOVES 7

17.30 h | ESPAZO EFÉMERO

–MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA–

18.00 h | PRESENTACIÓN

Não tenho culpa de viver de Ana Brouwer
Teresa Moure, tradutora da obra
–CHAN DA PÓLVORA–

18.30 h | MESA DEBATE

Sepáranos tanto o que nos une
Rui Zink e Marta Bernardes (Portugal)
Suso de Toro e Teresa Moure (Galicia)
Modera: Carlos Quiroga
–PÓVOA DE VARZIM–

19.30 h | LECTURA DRAMATIZADA

Palabras Vivas. Voces poéticas en femenino
Poemas de autoras galegas, con base musicada e imaxes, con Elisa Barreiro, Marina Nieto e Fortunato Rodríguez

19.30 h | PASEO LITERARIO

Paseo Fermín Bouza Brey
en colaboración coa AELG
INICIO: RÚA DO VILAR, 43 (1 h aprox.)

VENRES 8

17.30 h | ESPAZO EFÉMERO

–REVISTA CORALIA–

18.30 h | ENCONTRO

Poesía en acción
Diálogo interdisciplinar para abrir un espacio de encontro no que o verso acada unha materialidade distinta á do trazo clásico no papel
–CHAN DA PÓLVORA–

18.30 h | INFANTIL

Navegando entre papel e contos mar adiante
Contos e obradoiros con Xandobela

19.00 h | MESA DE DEBATE

A tradución, factor normalizador para o sistema literario galego
Con Patricia Buján Otero (Catro Ventos Editora), Laura Sáez (Patasdepeixe) e Celia Recarey (Irmás Cartoné)
–IRMÁS CARTONÉ–

20.00 h | PASEO LITERARIO

Paseo Scórpio, Carvalho Calero
INICIO: CARREIRA DO CONDE, 4 (1 h aprox.)

20.00 h | ENCONTRO

Encontro co poeta Antonio Gamoneda conducido por Claudio Rodríguez Fer

21.30 h | OFF SELIC

El jardín de atrás – Bakgarðurinn
Recital en torno aos poemas traducidos ao galego de Elías Knörr

22.30 h | PROYECCIÓN

«Contrafaces» de Antón Cortizo
TEATRO PRINCIPAL| ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR CAPACIDADE DA SALA
–MICE, MOSTRA DE CINE ETNOGRÁFICO–

Over thirty exhibitors, including publishers, bookshops and institutions will take part in the second Compostela Book Week (SELIC). The initiative, result of an intense collaboration between the Mesa del Libro de Compostela and the City Council, was designed to meet the needs of the sector and promote the potential of a Literary Compostela.

For second time, the praza da Quintana will host the fair, but the multiple activities of the programme will also reach other areas of the city. In the large tent we may attend presentations and signings of many recent titles such as the poem books of Marga Tojo, Carlos Negro, Eli Ríos or Teresa Moure, as the translator of Ana Brouwer’s poems into Galician language.

The SELIC, conceived as a meeting place, will offer opportunities to chat with different authors like the poet Antonio Gamoneda, winner of the Cervantes Award, who will also reveal a new stone of the *Xardín das Pedras que Falan* in Fonseca. The writer and journalist Daniel Salgado and the poet Ismael Ramos, recently awarded the best edition at the Galician Book Gala 2018 for *Lumes*, will also share their work with us and figures such as Helena Villar Janeiro, Ana María Fernández, Úrsula Heinze and Xavier Senín will take part in interesting and necessary round tables.

This edition’s guest city is Póvoa de Varzim. Celebrating our link with the portuguese community, we will be visited by one of the most important literary voices of Portugal, Dulce María Cardoso, European Union Literature Award and member of the Ordre des Arts et des Lettres of France, among other recognitions. And we will get the chance to see their traditional dances with the Rusgas de Póvoa and find out the details of the *Correntes d’Escritas* literary festival.

Literature and music will go hand in hand at the poetic-music recital of Aurelino and Carlos Costa and the performances offered by aCentral Folque at the OFF SELIC, where we will

SÁBADO 9

11.00 h | CLUBE DE LECTURA

Culpables, con Eli Ríos
Organiza Jorge R. Durán
–CHAN DA PÓLVORA–

12.30 h | ENCONTRO

Conversa con Brais Arribas e Afonso Becerra para presentar a colección “Alicerces”
–ATRAVÉS EDITORA–

13.30 h | PRESENTACIÓN+TEATRO

Colección *Biblioteca de teatro* da Ed. Kalandraka
Actuación da Compañía Chévere
–EL FARO DE LOS TRES MUNDOS–

17.30 h | ESPAZO EFÉMERO

–ORFEU NEGRO–

18.00 h | INFANTIL

Manuela
Presentación e sinatura do álbum ilustrado a cargo dos seus autores
–LIBRARÍA PALACIOS–

18.30 h | INFANTIL

María Victoria Moreno
Eli Ríos (contada)
–URCO EDITORA–

19.00 h | INFANTIL

Pan e auga? Sopas!
Cantigas e brincadeiras con Xandobela

19.30 h | PRESENTACIÓN

Tundra
Poemario de Carlos Negro, con Xiao Berlai
–LIBRARÍA LENDA–

19.30 h | PASEO LITERARIO

Homosexualidade en Compostela na Idade Media, con Carlos Callón
INICIO: ESCALEIRA SAN DOMINGOS DE BONAVAL (1 h aprox.)

21.30 h | OFF SELIC

Concerto da Escola de Música Popular e Avanzada
–ACENTRAL FOLQUE–

also enjoy the stories of Quico Cadaval and the verses of Chantal Maillard or Elias Knörr.

It’s time to discover more pages of our city with a series of literary tours, organized with the collaboration of the Asociación de Escritoras e Escritores de Lingua Galega and other entities such as the Asociación Cultural O Galo. Get to know the *Troian* Compostela, walk in the footsteps of Salvador García-Bodaño or Fermín Bouza Brey, visit the locations of *Scórpio* by Carvalho Calero or review homosexuality in the Middle Ages of Compostela with Carlos Callón.

Children and teenager literature, and the younger audiences, are a key part of SELIC with lots of free activities to approach the world of books and stories. Presentations and signings, creative workshops, storytelling, music and games; coordinated and animated by Xandobela, besides a narrative walk through the stories of María Victoria Moreno.

The SELIC’s activities include the publishing of six new books. Five volumes with stories translated into Galician by Pepe Sendón, featuring texts by Guy de Maupassant, Chekhov, Poe, Apollinaire, Kafka or Proust, among others. And the book, *Contos compostelanos*, which gathers stories by Ramón Caride Ogando, Salvador García-Bodaño, Marilar Aleixandre, Miguel Anxo Murado, Gonzalo Navaza and Helena Villar Janeiro, based in Santiago. An audio version of all the books will be available for download on selic.gal thanks to the Radio Galega.

Take a look at the literary landscape of SELIC to see all what books have to offer as the brightness of screens has still not managed to mitigate the addictive smell of paper.

DOMINGO 10

13.00 h | PRESENTACIÓN+MÚSICA

Mulleres de Gargamala e e Maruxa das Cortellas
Xulia Feixoo e Guillermo Ignacio
–ACENTRAL FOLQUE–

17.30 h | ESPAZO EFÉMERO

Premios SELIC

18.00 h | INFANTIL

Historias da tinta imaxinaria
Alba María e Queco Díaz (contada)

18.30 h | INFANTIL

Quen ten cu ten medo
Contos con Xandobela

19.00 h | PRESENTACIÓN

Biodiversidade: cara unha sexta extinción masiva
Presentación do libro *Ensaio sobre ecoloxía*, coa seu prologuista, Xosé Veiras García
–CATROVENTOS EDITORA–

19.30 h | PASEO LITERARIO

Paseo Rúas de Poesía
3 poetas recitando polas rúas: Isaque Ferreira, João Ríos E Rui Spranger
–PÓVOA DE VARZIM–

Horarios

Venres 1: **17.00-21.00 h**

Sábado 2 + Domingo 3: **11.00-21.00 h**

Do luns 4 ao venres 8: **17.00-21.00 h**

Sábado 9 + Domingo 10: **11.00-21.00 h**

OFF SELIC: Os venres e sábados haberá un espectáculo nas escaleiras da praza ás **21.30 h**.

Programación suxeita a posibles modificacións
Programación sujeta a posibles modificaciones
The dates and programme may be subject to changes

selic.gal

FESTIVAL DE San Xoán

22-24 XUÑO Praza de Mazarelos

+ info: páx. 12 | page 12 / www.santiagoturismo.gal

Coincidiendo coas Festas de San Xoán, que enchen a cidade de vistosas e máxicas cacharelas, Santiago acolle, por terceiro ano consecutivo, un festival que, ademais de contar cun mercado tradicional inclúe na súa programación diversidade de actividades e obradoiros para a posta en valor dos ritos e tradicións galegas desta época do ano, marcada polo solsticio de verán.

Durante tres días, na praza de Mazarelos pódese participar en obradoiros de herbas de San Xoán, de iniciación ao baile tradicional, de percusión, de decoración de pratinhos artesanais, de queimada, etc. e gozar de actuacións musicais, contacontos e o Espazo Palleiro para peques. Contará con Área Asardiñada para catar as sardiñas e churrasco que non poden faltar no San Xoán.

Coincidiendo con las Festas de San Xoán, que llenan la ciudad de vistosas y mágicas hogueras, Santiago acoge, por tercer año consecutivo, un festival que, además de contar con un mercado tradicional incluye en su programación diversidad de actividades y talleres para la puesta en valor de los ritos y tradiciones gallegas de esta época del año, marcada por el solsticio de verano.

Durante tres días, en la praza de Mazarelos se puede participar en talleres de hierbas de San Xoán, de iniciación al baile tradicional, de percusión, de decoración de platos artesanos, de queimada, etc. y disfrutar de actuaciones musicales, cuentacuentos y el Espazo Palleiro para peques. Contará con Área Asardiñada para catar las sardinas y churrasco que no pueden faltar en el San Xoán.

Coinciding with the Festivities of San Xoán, which fill the city with colourful and magical bonfires, Santiago hosts, for the third consecutive year, a festival that besides a traditional market, also includes a variety of activities and workshops to enhance the value of Galician rites and traditions of this time of year, marked by the summer solstice.

For three days, in praza de Mazarelos, you can take part in workshops on San Xoán herbs, traditional dance for beginners, percussion, crafted plate decoration, *queimada*, etc. and enjoy musical performances, storytelling and the *Espazo Palleiro* for children. Visit the *Área Asardiñada* to taste the sardines and churrasco that cannot be missed in San Xoán.



Traslado do Lume Sagrado do Pico Sacro

TRASLADO DEL FUEGO DEL PICO SACRO
TRANSFER OF PICO SACRO'S FIRE

Desde hai uns anos, no simbólico Pico Sacro, celébrase unha singular cerimonia na que se consegue lume por medios naturais, directamente do sol.

A raíña celta Alda e o seu druida baixarán o "Lume Sagrado" a Santiago na noite do 22, para prender as fogueiras de San Xoán compostelás. A súa comitiva partirá da Carballeira de Santa Susana arredor das 22.00 h, atravesando o casco histórico ata Mazarelos, onde chega sobre as 22.30 h.

Desde hace unos años, en el simbólico Pico Sacro, se celebra una singular ceremonia en la que se consigue fuego por medios naturales, directamente del sol.

La reina celta Alda y su druida bajarán el "Fuego Sagrado" a Santiago en la noche del 22, para prender las hogueras de San Xoán compostelanas. Su comitiva partirá de la Carballeira de Santa Susana alrededor de las 22.00 h, atravesando el casco histórico hasta Mazarelos, donde llega sobre las 22.30 h.

For some years now, the symbolic Pico Sacro has been the venue of a unique ceremony to obtain fire by natural means, directly from the sun.

The Celtic queen Alda and her druid will bring the "Sacred Fire" down to Santiago on the night of the 22nd to light the bonfires of San Xoán of the city. The procession will depart from the Carballeira de Santa Susana at 10 pm, crossing the historic centre to end up at Mazarelos about 10.30 pm.

Facer o cacho

PREPARANDO EL RITUAL
GETTING THE RITE READY

A véspera de San Xoán hai que recoller auga de sete fontes e apañar as "sete herbas de San Xoán": fento, fiuncho, xesta, malva, romeu, herba luísa e herba de San Xoán. Cómpre deixar esa auga coas herbas durante a noite, expostas ao orballo, e lavarse con elas na mañá seguinte para curar e previr enfermidades cutáneas e rexuvenecer a pel.

O día 23 haberá rutas a pé de recollida de herbas de San Xoán. Ao día seguinte, repartirase pola mañá auga de flores de balde na praza de Mazarelos.

La víspera de San Xoán, se recoge agua de siete fuentes y recolectan las "siete hierbas de San Xoán": helecho, hinojo, retama, malva, romero, hierbaluisa y hierba de San Xoán. Se deja el agua con las hierbas durante la noche, expuestas al rocío, para lavarse con ellas a la mañana siguiente esperando curar o prevenir enfermedades cutáneas, además de rejuvenecer la piel.

El día 23 habrá rutas a pie de recogida de hierbas de San Xoán. A la mañana siguiente, en la praza de Mazarelos, se repartirá gratuitamente agua de flores.

On the eve of San Xoán, collect water from seven fountains and pick the "seven herbs of San Xoán": fern, fennel, broom, mallow, rosemary, herbalist and St. John's wort. Leave the water with the herbs exposed to the dew over night and wash with it the next morning to cure and prevent skin diseases and spruce up your skin.

On the 23rd, join the routes to collect herbs of San Xoán. The next morning, there will be free flower water available at Mazarelos Square.



Saltar as cacharelas

SALTAR LAS HOGUERAS
JUMPING OVER THE BONFIRE

Numerosas asociacións, colectivos e comunidades de veciños realizan nas rúas e prazas de Compostela cacharelas, que adoitan estar amenizadas con música ao vivo, baile, bebida e comida (viño, sardiñas, chourizo, churrasco, empanada, etc). Entre as máis concorridas destacan as da rúa de San Pedro, praza de Salvador Parga, Conxo, San Lourenzo, Pelamios... Podes consultar a súa localización nos días previos en santiagoturismo.gal

Numerosas asociaciones, colectivos y comunidades de vecinos montan cacharelas en las calles y plazas de Compostela, que suelen estar amenizadas con música en directo, baile, bebida y comida (vino, sardinas, chorizo, churrasco, empanada, etc). Entre las más concurridas destacan las de la rúa de San Pedro, praza de Salvador Parga, Conxo, San Lourenzo, Pelamios... Puedes consultar su ubicación concreta en los días previos en santiagoturismo.gal

Numerous associations, collectives and communities of residents set up *cacharelas* (bonfires) in the streets and squares of Compostela, which are usually enlivened with live music, dance, drink and food (wine, sardines, chorizo, churrasco, empanada, etc.). The ones in rúa de San Pedro, praza Salvador Parga, Conxo, San Lourenzo, Pelamios are the most popular. You can check all the locations in the previous days on santiagoturismo.gal



Tren Cacharelo

SPECIAL BONFIRE NIGHT TOURIST TRAIN

Percorre distintos barrios da cidade nos que se celebran cacharelas e actividades de San Xoán. É de balde, e funciona ata a 1 da madrugada, aínda que entre as 17 e as 20 horas á prioridade é para as familias con peques.

Recorre distintos barrios de la ciudad en los que se celebran *cacharelas* y actividades de San Xoán. Es gratuito, y funciona hasta a 1 de la madrugada, aunque entre las 17 y las 20 horas, la prioridad es para las familias con peques.

The train tours the different neighbourhoods with *cacharelas* and activities of San Xoán. It is free of charge, and runs until 1 am, although between 5 pm and 8 pm the priority is for families with children.

Mercado tradicional

ARTISAN TRADITIONAL MARKET

O mercadoño artesan de Mazarelos abre o venres 22, de 17 á 22.30 h (aprox.) e o sábado 23 e domingo 24 tamén polas mañás, a partir das 12.

El mercado artesano de Mazarelos abre el viernes 22, de 17.00-22.30 h (aprox.) y el sábado 23 y domingo 24 también por las mañanas, a partir de las 12.00 horas.

The artisan market in Mazarelos is open on Friday 22nd, from 5 pm to 10.30 pm approximately, and on Saturday 23rd and Sunday 24th also in the mornings, from 12 noon onwards.

HUELLA

MARÍA MOVE

29 VEN | VIE | FRI**Sala Agustín Magán (CC Santa Marta)****18.00 h**

Teremos oportunidade de ver a proxección do traballo de videodanza e un fragmento de movemento, froito da investigación de María Move durante a súa Residencia Escénica Agustín Magán. Posteriormente abrirase un espazo de debate para compartir co público o proceso da creación e formulación da peza.

Tendremos oportunidade de ver la proyección del trabajo de videodanza y un fragmento de movimiento, fruto de la investigación de María Move durante su Residencia Escénica Agustín Magán. Posteriormente se abrirá un espacio de debate para compartir con el público el proceso de creación y planteamiento de la pieza.

We will have the opportunity to see a screening of the video-dance work and a fragment of movement, as the result of Maria Move's research during her Residencia Escénica Agustín Magán. Afterwards, there will be an open discussion space to share the process of the creation and planning of the piece with the audience.

Acceso libre acceso ata completar a capacidade da sala

GALICIA ESCENA PRO

MERCADO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS

11-14 XUÑO**Salón Teatro****Teatro Principal****Fundación SGAE****Auditorio ABANCA**

Os espazos escénicos de Compostela acollerán a sexta edición deste marco de exhibición e punto de encontro profesional do sector. O evento, organizado por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), está conformado por 17 espectáculos de recente produción e 10 en formato *pitching*, ademais de actividades paralelas, que este ano terán un foco de atención especial cara o intercambio ca escena madrileña.

Los espacios escénicos de Compostela acogerán la sexta edición de este marco de exhibición y punto de encuentro profesional del sector. El evento, organizado por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), está conformado por 17 espectáculos de reciente producción y 10 en formato *pitching*, además de actividades paralelas, que este año tendrán un foco de atención especial en el intercambio con la escena madrileña.

The stages of Compostela will host the sixth edition of this performing art festival and professional meeting of the sector. The event, organized by AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), includes 17 recent productions and 10 in pitching format, besides parallel activities, which this year set a special focus on the exchange with the Madrid scenic scene.

ESPECTÁCULOS | SHOWS: *A galiña azul, A Leituga, Bathtime, Casa O'Rei, Cráneos privilexiados... ou crítica da razón perralleira, Elisa e Marcela, Fillos do Sol, Gaia, La soledad de Wally, Método negro, O rei morre, O servidor de dous anos, Patapatúm, Planeta Ardora, Plastic, Procedimientos ante el vacío, Salvador...*

+ info: galiciaescenapro.gal A entrada é libre para o público xeral se non se completa a capacidade da sala coa asistencia de profesionais. Poden retirarse as entradas dispoñibles na billeteira de cada un dos espazos desde 1 hora antes do comezo das funcións.

INFANTIL & FAMILIAR
FOR KIDS & FAMILIES**NÓMADES**

XAROPE TULU

8 VEN | VIE | FRI**Sala Agustín Magán****(CC Santa Marta)****18.00 h**

Dentro das Residencias Escénicas Agustín Magán atopamos este espectáculo infantil e xuvenil no que movemento, música e palabra convidan a viaxar por paisaxes singulares onde non existe un corpo equivocado, onde é posible imaxinar ás persoas en abstracto. Habitaremos a beleza do diverso, a que dá cor e achega novas tonalidades, texturas e xeitos de vivir.

Dentro de las Residencias Escénicas Agustín Magán encontramos este espectáculo infantil y juvenil en el que movimiento, música y palabra invitan a viajar por paisajes singulares donde no existe un cuerpo equivocado, donde es posible imaginar a las personas en abstracto. Habitaremos la belleza de lo diverso, la que da color y aporta nuevas tonalidades, texturas y maneras de vivir.

This show for children and teenagers is programmed within the Agustín Magán Scenic Residences. Movement, music and words invite us to travel along singular landscapes where there is no such thing as a mistaken body, where we can imagine people in abstract. We will embrace the beauty of diversity, the one that gives colour and brings new tones, textures and ways of living.

Acceso libre acceso ata completar a capacidade da sala

COMPOSTELA + SOLIDARIA
SOLIDARY COMPOSTELA**COMÚN-ARTES**PROXECTO COMUNITARIO
DE INCLUSIÓN SOCIAL A
TRAVÉS DAS ARTES**8 VEN | VIE | FRI****Teatro Principal | 20.00 h****Dirección:** Carlota Pérez**Axudante de dirección:** Leo Rodríguez**Dirección musical:** Óscar Pérez (Ramone!)**Voz:** Rebeca Ponte**Audiovisuais:** Lara Baceo

Este traballo, que valora as artes como ferramenta de transformación social, afonda na reflexión sobre inclusión, diversidade e discapacidade. Unha equipa multidisciplinar, que inclúe persoas con e sen diversidade funcional, xunto con cinco artistas, amosarán os novos valores artísticos e a relación home-natureza con pezas coreográficas, musicais e dramáticas.

